



## PACTO DOS ALCALDES SOBRE O CLIMA E A ENERXÍA

*Nós, os alcaldes asinantes deste pacto, compartimos a visión dun futuro sustentable, independentemente do tamaño do noso municipio e da súa localización no mapa mundial. Esta visión común dirixe as nosas accións á hora de afrontarmos os seguintes retos interconectados: mitigación do cambio climático, adaptación e enerxía sustentable. Xuntos estamos dispostos a tomar medidas concretas que, a longo prazo, garantan un ámbito estable desde o punto de vista económico, social e ambiental para as xeracións actuais e futuras. A nosa responsabilidade colectiva implica construír territorios máis sustentables, atractivos, habitables, resistentes ao cambio climático e enerxeticamente eficientes.*

### **NÓS, OS ALCALDES, RECOÑECEMOS QUE:**

O cambio climático xa é unha realidade e constitúe un dos maiores retos de nosa era, polo que require unha acción e cooperación inmediatas entre as autoridades locais, rexionais e nacionais de todo o mundo.

As autoridades locais desempeñan un papel clave na transición enerxética e na loita contra o cambio climático, xa que gobernan máis preto da cidadanía. Comparten cos gobernos rexionais e nacionais a responsabilidade de loitar contra o cambio climático e están dispostas a actuar independentemente dos compromisos que asuman outras partes. As autoridades locais e rexionais de calquera situación socioeconómica ou localización xeográfica encabezan a loita por reducir a vulnerabilidade do seu territorio fronte ás diferentes consecuencias do cambio climático. Aínda que xa se emprenderon accións para reducir as emisións, a adaptación continúa sendo un complemento á mitigación necesario e indispensable.

A adaptación ao cambio climático e a mitigación a este supoñen numerosas vantaxes para o medio ambiente, a sociedade e a economía. Ao abordalas de forma conxunta, ábrense novas oportunidades para promover o desenvolvemento local sustentable. Isto inclúe a creación de comunidades inclusivas, resistentes ao cambio climático e enerxeticamente eficientes; a mellora da calidade de vida; o fomento do investimento e da innovación; o impulso da economía local e a creación de postos de traballo; o reforzo da participación e a cooperación das partes interesadas.

As solucións locais aos retos enerxéticos e climáticos axudan a promover unha enerxía segura, sustentable, competitiva e accesible para os cidadáns e, polo tanto, contribúen a reducir a dependencia enerxética e a protexer os consumidores máis vulnerables.



### NÓS, OS ALCALDES, COMPARTIMOS UNHA VISIÓN CONXUNTA PARA 2050 QUE IMPLICA:

- Territorios sen carbono, co fin de contribuír a manter o quecemento mundial medio a un máximo de 2 °C por encima dos niveis preindustriais, en consonancia co acordo internacional sobre o clima alcanzado na COP 21 de París en decembro de 2015.
- Territorios máis resistentes e, en consecuencia, preparados para os efectos adversos inevitables do cambio climático.
- Un acceso universal a uns servizos enerxéticos seguros, sustentables e accesibles para todos, co fin de mellorar a calidade de vida e de incrementar a seguridade enerxética.

### PARA FACER REALIDADE ESTA VISIÓN, NÓS, OS ALCALDES, COMPROMETÉMONOS A:

- Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> (e, posiblemente, outras emisións de gases de efecto invernadoiro) no territorio dos nosos municipios en polo **menos un 40 % de aquí a 2030**; en particular, a través da mellora da eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovables.
- Aumentar a nosa capacidade de resistencia mediante a adaptación ao impacto do cambio climático.
- Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecementos técnicos con administracións locais e rexionais dentro e fóra da UE a través dunha cooperación directa e un intercambio entre homólogos; en concreto, no marco do Pacto mundial dos alcaldes.

Co fin de traducir os compromisos das nosas autoridades locais en acción, comprometémonos a seguir o plan de traballo por etapas do anexo I, incluída a elaboración dun Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable, e a facer un seguimento regular dos progresos realizados.

### NÓS, OS ALCALDES, RECOÑECEMOS QUE O NOSO COMPROMISO ESIXE:

- Un firme liderado político.
- A definición de obxectivos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
- Unha (inter)acción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas.
- Un enfoque territorial integral e intersectorial.



- A asignación de recursos humanos, técnicos e financeiros adecuados.
- O compromiso de todas as partes interesadas pertinentes nos nosos territorios.
- O empoderamento dos cidadáns como principais consumidores de enerxía, como «prosumidores» e participantes nun sistema enerxético responsable.
- Unha acción inmediata, en particular mediante medidas flexibles e con «resultados garantidos».
- A aplicación de solucións intelixentes para lles facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.
- A revisión periódica das nosas accións conforme aos controis e ás avaliacións dos resultados.
- Unha cooperación horizontal e vertical combinada entre as autoridades locais e todos os demais niveis de goberno.

#### **NÓS, OS ALCALDES, ACOLLEMOS CON SATISFACCIÓN:**

- A iniciativa da Comisión Europea que integra baixo un único marco a mitigación e a adaptación, que son os dous alicerces da loita contra o cambio climático, e potencia así as sinerxías con outras políticas e iniciativas pertinentes da UE.
- O apoio da Comisión Europea á ampliación do modelo de Pacto dos alcaldes a outras partes do mundo a través do Pacto mundial dos alcaldes.
- O apoio do Comité das Rexións, na súa calidade de portavoz institucional das autoridades locais e rexionais da UE, ao Pacto dos alcaldes e aos seus obxectivos.
- A asistencia que prestan os Estados membros, rexións, provincias, cidades mentoras e outras estruturas institucionais ás autoridades locais para que cumpran os compromisos de mitigación e adaptación asumidos no Pacto dos alcaldes.



## NÓS, OS ALCALDES, CONVIDAMOS...

### – A OUTRAS AUTORIDADES LOCAIS A:

- Unirse a nós na comunicade do Pacto dos alcaldes.
- Compartir coñecementos e participar nas actividades de desenvolvemento de capacidades no marco do Pacto dos alcaldes.

### – AS AUTORIDADES REXIONAIS, PROVINCIAIS E LOCAIS A:

- Proporcionarnos orientación estratéxica e apoio político, técnico e financeiro para o desenvolvemento, a aplicación e o seguimento do noso plan ou plans de acción e das medidas conexas.
- Axudarnos a promover a cooperación e os enfoques conxuntos para emprender accións máis eficaces e integradas.

### – OS GOBERNOS NACIONAIS A:

- Asumir a súa responsabilidade fronte ao cambio climático e a ofrecer a asistencia política, técnica e financeira adecuada para preparar e implantar as nosas estratexias locais de adaptación e mitigación.
- Implicarnos na preparación e aplicación das estratexias de mitigación e adaptación nacionais.
- Garantir o acceso adecuado a mecanismos de financiamento para apoiar a acción local sobre enerxía e clima.
- Recoñecer o impacto dos nosos esforzos locais, a ter en conta as nosas necesidades e a reflectir os nosos puntos de vista nos procesos europeos e internacionais sobre o clima.

### – AS INSTITUCIÓNS EUROPEAS A:

- Consolidar os marcos normativos que apoian a aplicación de estratexias locais sobre clima e enerxía e a cooperación entre cidades.
- Ofrecernos a asistencia operativa, técnica e de promoción adecuada.



- Continuar integrando o Pacto dos alcaldes nas políticas, programas de asistencia e actividades relevantes da Unión Europea, implicándonos nas fases de preparación e aplicación.
- Continuar abrindo oportunidades de financiamento para cumprir os nosos compromisos, así como propoñer servizos especiais de asistencia ao desenvolvemento de proxectos para axudarnos a desenvolver, ofrecer e lanzar programas de investimento.
- Recoñecer o noso papel e os nosos esforzos á hora de mitigar o cambio climático e adaptarse a el e compartir os nosos logros coa comunidade internacional.

– **A OUTRAS PARTES INTERESADAS<sup>1</sup> A:**

- Mobilizar e compartir experiencia, coñecementos e recursos tecnolóxicos e financeiros que complementen e reforcen os nosos esforzos locais, aumenten as capacidades, promovan a innovación e impulsen o investimento.
- Desempeñar un papel activo na transición enerxética e apoiarnos participando na acción comunitaria.

<sup>1</sup> A saber: o sector privado, as institucións financeiras, a sociedade civil e a comunidade científica e académica.



## ANEXO I

### O PACTO DOS ALCALDES: PROCESO DETALLADO E PRINCIPIOS REITORES

#### UNHA FOLLA DE RUTA COMÚN PARA UNHA VISIÓN COMPARTIDA


Para cumprir os seus obxectivos de mitigación e adaptación, os asinantes do Pacto dos alcaldes comprométese a realizar unha serie de pasos:

PASOS / ALICERCES	MITIGACIÓN	ADAPTACIÓN
1) <b>Iniciación e revisión das liñas básicas</b>	Preparación dun <b>inventario de referencia das emisións</b>	Preparación dunha <b>avaliación de vulnerabilidade e riscos do cambio climático</b>
2) <b>Definición e planificación dos obxectivos estratéxicos</b>	Elaboración dun <b>Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES)</b> e integración dos aspectos relacionados coa mitigación e coa adaptación* nas políticas, estratexias e plans relevantes, <u>no prazo de dous anos a partir da decisión do Concello</u>	
3) <b>Aplicación, control e información</b>	<b>Informe de situación</b> <u>cada dous anos tras a emisión do PACES</u> na plataforma da iniciativa	

*\* A estratexia de adaptación debería integrarse no PACES e/ou desenvolverse e integrarse en documentos independentes. Os asinantes poden elixir o formato que prefiran (ver o parágrafo «Ruta de adaptación») a continuación.*

Nos anos 1 e 2, levarase a cabo o traballo de base do plan, que se centrará na avaliación da situación (fontes principais das emisións e o seu correspondente potencial de redución, os principais riscos e vulnerabilidades climáticos e os retos actuais/futuros asociados), a identificación das prioridades de adaptación e mitigación e os primeiros triunfos, o reforzo da participación das comunidades e a mobilización de recursos e capacidades suficientes para realizar as accións necesarias. Os anos posteriores centraranse en potenciar e ampliar as accións e os proxectos iniciados para acelerar o cambio.

## RUTAS FLEXIBLES QUE SE PODEN ADAPTAR ÁS REALIDADES LOCAIS:



O Pacto dos alcaldes establece un marco de acción que lles axudará ás autoridades locais a materializar as súas ambicións de mitigación e adaptación, para o que se terá sempre en conta a diversidade sobre o terreo. Deixaráselles aos municipios asinantes a flexibilidade suficiente para elixir a mellor forma de implantar as súas accións locais. Aínda que as prioridades varíen, convidáanse as autoridades locais a realizaren accións de forma integrada e integral.

### – Ruta de mitigación

A ruta de mitigación permítelles aos asinantes un certo grao de flexibilidade, en particular para o inventario de emisións (por exemplo, o ano de referencia, os sectores clave que se deben abordar, os factores de emisión empregados no cálculo, a unidade de emisión utilizada nos informes<sup>2</sup> etc.).

### – Ruta de adaptación

A ruta de adaptación é o suficientemente flexible como para integrar os novos coñecementos e descubrimentos e reflectir o continuo cambio das condicións e as capacidades dos asinantes. Débense avaliar a vulnerabilidade e os riscos climáticos dentro do período de dous anos acordado. Os resultados serán a base para definir a forma de aumentar a resiliencia do territorio. A estratexia de adaptación, que debería integrarse no Plan de acción

<sup>2</sup> Os asinantes poden optar por declarar as súas emisións como CO (dióxido de carbono) ou como equivalente de CO. Neste último caso, teñen a posibilidade de ter en conta outras emisións de gases de efecto invernadoiro, especialmente de metano (CH<sub>4</sub>) e óxido nítrico (N<sub>2</sub>O).



para o clima e a enerxía sustentable ou incluírse noutros documentos de planificación relevantes, poderase reforzar e reaxustar ao longo do período. Poderían considerarse primeiro as accións con garantías e complementalas con outras accións ao longo dos anos; por exemplo, cando se volva avaliar a situación cada dous anos, durante as revisións do plan de acción. Isto permitirá unha boa adaptación e un custo inferior.

### UN MOVEMENTO CRIBLE E TRANSPARENTE:

- **Respaldo político:** o compromiso, o Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable e os documentos de planificación pertinentes deberanse ratificar mediante unha resolución/decisión do Concello. Deste xeito, garantírase o apoio político a longo prazo.
- **Unha plataforma de información e recompilación de datos sólida, coherente, transparente e harmonizada:** a partir da experiencia dos municipios, rexións e redes de cidades, a metodoloxía do Pacto dos alcaldes aséntase nunha base técnica e científica sólida elaborada conxuntamente coa Comisión Europea. Desenvolvéronse principios metodolóxicos e persoais de información comúns que lles permiten aos asinantes realizaren un seguimento e informar e divulgar os seus progresos de forma estruturada e sistemática. O Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable ponse á disposición do público no perfil signatario en liña do sitio web do Pacto dos alcaldes. Isto garante a transparencia, a responsabilidade e a posibilidade de comparar as súas accións climáticas locais.
- **Recoñecemento e gran visibilidade dos esforzos realizados:** os resultados, tanto individuais coma colectivos, recompilados mediante os modelos de informe expoñeranse na web do Pacto dos alcaldes, para inspirar e facilitar os intercambios e a autoavaliación. A divulgación dos datos a través do Pacto dos alcaldes permítelles aos asinantes demostraren o grande impacto das súas accións sobre o terreo. Os datos recompilados a través da plataforma de información do Pacto dos alcaldes tamén servirá para lles proporcionar aos responsables políticos nacionais, europeos e internacionais unha información esencial acerca das accións locais.
- **Avaliación dos datos facilitados polos asinantes:** este control de calidade contribúe a garantir a credibilidade e a fiabilidade de toda a iniciativa do Pacto dos alcaldes.
- **Suspensión en caso de incumprimento:** os asinantes aceptan que se suspenda a súa participación na iniciativa, logo da notificación por escrito por parte da Oficina do Pacto dos Alcaldes, en caso de non presentar os documentos arriba indicados —o Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable e os informes de situación— dentro dos prazos establecidos. Este procedemento garante transparencia, coherencia e imparcialidade entre os asinantes á hora de cumpriren os seus compromisos.





## ANEXO II

### ANTECEDENTES E CONTEXTO

Os asinantes do Pacto dos alcaldes comprométese coa iniciativa a propósito de que:

- O Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC) reafirmou no [seu Quinto Informe de Avaliación](#) que o cambio climático é unha realidade e que as actividades humanas continúan afectando o clima na terra.
- Segundo as conclusións do IPCC, a mitigación e adaptación son solucións complementarias para reducir os riscos asociados ao impacto do cambio climático en diferentes prazos.
- Os gobernos nacionais acordaron na Convención marco das nacións unidas sobre o cambio climático (CMNUCC) un obxectivo común de manter o quecemento medio global por debaixo dos 2 °C con respecto aos niveis preindustriais.
- Os gobernos nacionais acordaron no contexto da Conferencia das Nacións Unidas Rio+20 un conxunto de obxectivos [de desenvolvemento sustentable](#). O obxectivo 7 esixe que a comunidade internacional garanta «o acceso a unha enerxía accesible, segura, sustentable e moderna para todos»; o obxectivo 11, recolle que «as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables» e, o obxectivo 13, establece que se adopten «medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos».
- A iniciativa [Enerxía sustentable para todos](#), lanzada pola Secretaría Xeral da ONU en 2011, céntrase en lograr tres obxectivos interrelacionados ata 2030: «garantir o acceso universal a servizos enerxéticos modernos», «duplicar o índice global de mellora da eficiencia enerxética» e «duplicar a cota das enerxías renovables no conxunto de fontes de enerxía».
- A Comisión Europea (CE) lanzou o Pacto dos alcaldes en 2008 e, como acción clave na [Estratexia da Unión Europea da adaptación ao cambio climático](#) (CE, 2013), a iniciativa Mayors Adapt en 2014, co obxecto de implicar e apoiar as autoridades locais á hora de actuar para mitigar o cambio climático e adaptarse a el.
- Desde o seu lanzamento, o Pacto dos alcaldes foi recoñecido como un instrumento clave da UE, particularmente na Estratexia da [unión da enerxía](#) (CE, 2015) e na Estratexia de seguridade [enerxética](#) europea (CE, 2014), para acelerar a transición enerxética e mellorar a seguridade da subministración enerxética.
- A UE aprobou en outubro de 2014 o [marco de actuación en materia de clima e enerxía ata o ano 2030](#) que establece novos obxectivos de enerxía e clima, como a redución interna dun 40 %, como mínimo, das emisións de gases de efecto invernadoiro; o consumo



mínimo dun 27 % de enerxía procedente de fontes renovables na UE e o aforro enerxético de, como mínimo, o 27 %.

- A Comisión Europea aprobou en 2011 a [Folla de ruta cara a unha economía hipocarbónica competitiva en 2050](#), que pretende chegar a unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro na UE do 80-95 % en 2050 con respecto ás de 1990, unha iniciativa que foi referendada polo Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea.
- O Comité das Rexións da UE (CDR) destaca o seu reiterado compromiso de continuar apoiando o Pacto dos alcaldes, por exemplo, a través dunha plataforma especializada dentro do CDR e doutras ferramentas, tal e como se establece no seu ditame sobre o futuro do pacto (ENVE-VI-006).



## ANEXO III

### GLOSARIO

- **Adaptación:** Medidas levadas a cabo para anticiparse aos efectos adversos do cambio climático, previr ou minimizar o dano que poden provocar ou aproveitar as oportunidades que poidan xurdir.
- **Cambio climático:** Calquera cambio no clima ao longo do tempo, xa se trate dunha variación natural ou como resultado da actividade humana.
- **Avaliación de vulnerabilidade e riscos:** Análise que determina a natureza e o alcance do risco analizando os posibles perigos e avaliando a vulnerabilidade que podería xerar unha posible ameaza ou dano ás persoas, á propiedade, ás condicións de vida e ao medio ambiente do que dependen. Permite identificar os aspectos máis preocupantes e, por tanto, ofrece información para a toma de decisións. A avaliación podería incluír riscos relacionados con inundacións, temperaturas extremas e vagas de calor, secas e escaseza de auga, tormentas e outras circunstancias climáticas extremas, ademais do incremento do número de incendios forestais, a elevación do nivel do mar e a erosión da costa (onde proceda).
- **Informe de situación:** Documento que os asinantes do Pacto dos alcaldes se comprometen a redactar cada dous anos a partir da presentación do seu PACES e no que se describen os resultados provisionais da súa aplicación. O obxectivo deste informe é realizar un seguimento dos obxectivos fixados.
- **Inventario de emisións:** Cuantificación da cantidade de gases de efecto invernadoiro (CO<sub>2</sub> ou equivalente de CO<sub>2</sub>) emitida a causa do consumo de enerxía no territorio dun asinante do Pacto dos alcaldes nun ano dado. Permite identificar as fontes principais das emisións e o seu correspondente potencial de redución.
- **Mitigación:** Medidas tomadas para reducir as concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera.
- **Opcións con garantías (adaptación):** Medidas que ofrecen beneficios económicos e ambientais inmediatos. Considéranse vantaxosas en calquera situación climática posible.
- **Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES):** Documento clave no que un asinante do Pacto dos alcaldes expón como pensa lograr os compromisos asumidos. Define as medidas de mitigación e adaptación deseñadas para lograr os obxectivos, xunto co calendario e coas responsabilidades asignadas.
- **Prosumidores:** Consumidores proactivos; é dicir, consumidores que, ademais de consumir enerxía, tamén asumen a responsabilidade da súa produción.



- **Resiliencia:** Capacidade dun sistema social ou ecolóxico de asumir alteracións, conservando as mesmas formas básicas de funcionamento, e a capacidade de adaptarse á tensión e ao cambio (climático).
- **Risco:** Probabilidade de que se produzan consecuencias negativas ou perdas desde o punto de vista social, económico ou medio ambiental (por exemplo, vida, saúde, condicións de vida, patrimonio e servizos) nunha comunidade dada ou nunha sociedade afectada por condicións vulnerables durante un determinado período de tempo futuro.
- **Vulnerabilidade:** Grao no que un sistema está exposto aos efectos adversos do cambio climático, incluída a variación climática e os extremos, ou indefenso fronte a eles (é o contrario da resiliencia).